

# ESTUDO ECONÓMICO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CHANTADA

## 1. INTRODUCCIÓN

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG) establece no artigo 11.1 que

*“Son funcións dos servizos sociais comunitarios os seguintes [...] f) A xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte de aplicación”.*

O artigo 60.1 da devandita Lei establece:

*Artigo 60. Competencias dos concellos*

*1. De conformidade co previsto na presente lei e na lexislación de aplicación sobre réxime local, corresponden aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, as seguintes competencias:*

*a) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos.*

Finalmente, esa norma tamén define o Servizo de Axuda a Domicilio como un servizo de carácter esencial (artigo 20.2) que implica un dereito exixible que debe estar garantido para aquelas persoas que cumpran as condicións establecidas de acordo coa valoración técnica da súa situación (artigo 18.2).

Na actualidade o servizo estase a prestar directamente polo concello, a través da planificación, coordinación e supervisión da concellería de servizos sociais e da traballadora de servizos sociais. Para desenvolver as prestacións concretas nos domicilios, o concello conta con traballadoras directas de axuda no fogar, e ante as peculiaridades do servizo nos últimos anos que presenta unha acusada eventualidade e variacións continuadas nas persoas usuarias, tamén se acudiu puntualmente á contratación de servizos relacionados coas prestacións directas de axuda no fogar. Ademais, tamén desde o concello se ofrece o apoio administrativo directo do concello, tanto a través do persoal adscrito directamente a dita área como do persoal de servizos administrativos xerais que prestan parcialmente servizos para labores administrativas de apoio.

A situación descrita, como se reflexa na Memoria Xustificativa do contrato, levou a unha análise económica e operativa por parte do concello de Chantada sobre o funcionamento do Servizo de Axuda no Fogar para articular de forma máis eficaz a prestación do servizo ás persoas usuarias, de forma que o concello de Chantada se



reserve as facultades de dirección e planificación e supervisión do servizo, a través da concellería de servizos sociais e o persoal técnico e administrativo adscrito a ela, e se contraten a realización de traballos auxiliares nos domicilios pola modalidade de contrato de servizos do artigo 17 LCSP, é dicir, a execución de determinadas labores e funcións auxiliares baixo a supervisión e intervención en fases de selección e admisión de persoas usuarias polo concello (neste sentido vid. Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 21 de xuño de 2018).

## 2. ESTUDO ECONÓMICO DE CUSTOS

Para a realización do presente estudo económico para a adxudicación do contrato de servizos do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do concello de Chantada, partimos do Informe Económico-Financeiro elaborado pola Intervención Municipal do concello de Chantada, segundo o Informe núm. 2020-0009 de data 20.01.2020.

Os custos asociados ao servizos que se pretenden contratar refírense a gasto de persoal, incorporando os gastos salariais, de seguridade social, dietas por desprazamentos e ademais os gastos derivados de baixas, vacacións, seguros e outras incidencias; e os gastos de xestión directos e indirectos vinculados á explotación (subministrados, vestiario e outros).

### A) GASTOS DE PERSOAL

O obxecto do contrato é a prestación do servizo computado en horas efectivamente prestadas por persoal da categoría de auxiliares de axuda no fogar, segundo o Convenio Colectivo Laboral do sector da axuda a domicilio, segundo as táboas vixentes que resultan da publicación no DOG de 21.11.2012 da Resolución do 6 de novembro de 2012, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo da Comisión Paritaria do Convenio colectivo do sector de axuda a domicilio da Comunidade Autónoma de Galicia, relativo ao cumprimento da resolución da sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no procedemento de conflito colectivo derivado da reclamación do incremento salarial para o ano 2012.

Para determinar o número de persoal a xornada completa para a prestación do servizo debemos partir do número total de horas estimadas, que son:



<b>HORA ORDINARIA</b>	<b>BÁSICO</b>		2.388
	<b>DEPENDENCIA</b>		46.368
	<b>DEPENDENCIA</b>	<b>FESTIVOS</b>	1.452



	<b>TOTAIS</b>	50.208
--	---------------	--------

Non obstante, debemos indicar que este número de horas é unha mera estimación, polo que se estima que o prezo que resulte deste estudo económico debe ter a consideración de valor máximo anual do contrato, podendo o concello non vir obrigado a esgotar o número de horas anuais establecidas, ou polo contrario, aumentar as horas do servizo atendendo a novas necesidades, ben polo incremento de persoas usuarias ben polo aumento das horas destinadas a cada un deles, e iso no marco das modificacións previstas no PCAP do contrato.

## **B) GASTOS DE EXPLOTACIÓN**

Así mesmo como custos de explotación, onde se inclúen todos os custos que son necesarios para a execución do servizo, estímense os seguintes:

<b>CUSTOS EXPLOTACIÓN</b>	
<b>SUBMINISTROS (*)</b>	3.495,84
<b>VESTIARIO (*)</b>	4.941,44
<b>OUTROS (*)</b>	2.960,96
<b>TOTAL</b>	11.398,24

(\*)No caso dos subministros inclúese o material sanitario e de prevención, que comprende os medios de protección persoal de carácter preceptivo adecuados para o persoal auxiliar do SAF, cunha estimación de servizos segundo o persoal usuario.

(\*) No apartado de vestiario, estímase o custo dos uniformes do persoal, dado que segundo o PPT a empresa adjudicataria virá obrigada a facilitar ás auxiliares do SAF uniformes anuais.

(\*) No apartado de outros, recóllese a estimación dos restantes gastos derivados do PPT non estimados nos gastos de persoal, como local de referencia, prevención de riscos laborais, asesoría laboral e fiscal e financeiros.

## **C) CUSTOS DIRECTOS DE PERSOAL E EXPLOTACIÓN POR HORA EFECTIVA**

Considerando os datos extraídos do Informe Económico-Financeiro elaborado pola Intervención Municipal do concello de Chantada (núm. 2020-0009 de data 20/01/2020), onde se estima o custe de persoal xunto cos custos de explotación, e se



extrapola ao custe hora efectivo, resulta como promedio de coste hora 2020-2021 (2 anos de duración inicial do contrato) o seguinte:

CUSTO SERVIZO SAF CHANTADA HORA PROMEDIO DURACION CONTRATO 2020-2021					
Nº TRABALLADORES/AS	CUSTO UNITARIO	XORNADA TRABALLO EFECTIVO	CUSTO HORA	CUSTO HORA FESTIVA	CUSTO HORA
34,5	24.113,52	1.455	16,57	0,84	17,41

CUSTO SERVIZO SAF CHANTADA DURACION CONTRATO 2020-2021				
<b>HORA ORDINARIA</b>	<b>BÁSICO</b>		2.388	39.569,16
	<b>DEPENDENCIA</b>		46.368	768.317,76
	<b>DEPENDENCIA</b>	<b>FESTIVOS</b>	1.452	25.279,32
		<b>TOTAIS</b>	50.208	833.166,24

#### D) GASTOS XERAIS E BENEFICIO

Os gastos xerais inclúen todos os gastos da empresa adxudicataria que non sexan asignables directamente a unha unidade do servizo en concreto, e abranguen todos os departamentos da empresa. Neste concepto, imputaríanse os gastos relativos aos préstamos de axudas técnicas ou servizos adicionais que puidese ofertar a empresa licitadora.

Conforme a doutrina do Tribunal Central de Recursos Contractuais (entre outras, Resolucións 592/2019, 159/2016, 878/2018), a indicación das porcentaxes para gastos xerais e beneficio industrial establecida no artigo 131 do RGLCAP está establecida expresamente para o contrato de obras nos rangos que fixa ese precepto regulamentario. Ao non haber regulación expresa, coa excepción do dito contrato de obras, para as restantes modalidades de contratos públicos rexe o criterio potestativo do órgano de contratación. De xeito expresivo, na Resolución 1144/2018 (de 24 de setembro), que se cita de seguido, indícase:

*“el recurrente considera infringido el artículo 131 del RGLCAP, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre, en el cálculo de los gastos generales, ya que censura que esta partida ha sido dotada con una cuantía de 5.479,20€, lo que supone un 0,68% del importe obtenido del cálculo de los costes derivados del contrato, a su entender: 19 veces inferior a lo que se indica en el Reglamento. En primer lugar, cabe indicar sobre la aplicación del artículo 131 del RGLCAP, que como el propio precepto indica está referido a los contratos de obras y no a los de servicios, por lo que la horquilla de los porcentajes que establece no son de aplicación en el contrato que nos ocupa. En efecto, en los contratos de servicios, no existe norma expresa que establezca los conceptos que deba contener el*



*presupuesto base de licitación, a semejanza de lo que determinan los artículos 130 y 131, del Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, aprobado por el Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre, que regulan el*



*cálculo de los precios de las distintas unidades de obra y el presupuesto de ejecución material y presupuesto base de licitación, en el cual se integra un porcentaje de gastos generales y otro en concepto de beneficio industrial. El precio de mercado no deja de ser un concepto jurídico indeterminado que debe ser respetado por el presupuesto base de licitación. Uno de los componentes de este último es la partida correspondiente a los gastos generales que se caracteriza por la dificultad de su concreción. No existiendo norma alguna que exija un determinado porcentaje de gastos generales en los contratos de servicios, este motivo de recurso debe ser desestimado".*


En virtude da facultade que ostenta o órgano de contratación, neste contrato de servizos considérase que os gastos xerais e os de beneficio estimado para a empresa adjudicataria supoñen conxuntamente un 5 por 100 dos gastos correntes, ao terse calculado previamente xa de forma directa a maior parte dos gastos que afectan ao servizo.

#### **E) GASTOS DE INVESTIMENTO**

Na elaboración deste estudo económico non se consideran gastos de investimento, dado que non se prevén gastos en materiais que sexan susceptibles de amortización. No caso do transporte de persoal, que podería conlevar a adquisición de transporte da empresa, estímase o gasto corrente derivado da compensación económica ás traballadoras auxiliares do SAF, xa calculado no custos de persoal.

#### **F) ESTIMACIÓN DO PREZO HORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CHANTADA**

A estimación do custe hora para fixar o prezo de licitación do contrato, tendo en conta que o PCAP establece que só se poderán facturar as horas efectivamente prestadas, é a seguinte:

O prezo medio que resulta do custo actual e da previsión dos anos de duración inicial do  seguinte:

	BÁSICO	GXERAIIS +	PREZO
--	--------	------------	-------



		<b>BENEFICIO</b>	<b>LICITACIÓN</b>
<b>HORA ORDINARIA (LABORABLE)</b>	<b>16,57</b>	<b>0,83</b>	<b>17,40</b>
<b>HORA EXTRAORDINARIA (FESTIVA)</b>	<b>17,41</b>	<b>0,87</b>	<b>18,28</b>

### 3. PREZO DO CONTRATO, ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO

En función do número de horas estimadas que se precisan segundo os informes técnicos dos servizos sociais municipais do concello de Chantada

PREZO CONTRATO SAF CHANTADA								
			%	PREZ O HORA		% IVE	IVE	TOTAL
<b>HORA ORDINARIA</b>	<b>BÁSICO</b>	2.388	4,76	17,40	41.551,20	4	1.662,05	43.213,25
	<b>DEPENDENCIA</b>	46.368	92,35	17,40	806.803,20	4	32.272,13	839.075,33
	<b>FESTIVOS</b>	1.452	2,89	18,28	26.542,56	4	1.061,70	27.604,26
	<b>TOTAIS</b>	50.208	100		874.896,96	4	34.995,88	909.892,84

Para a aplicación do IVA repercutido, segundo a normativa aplicable (artigo 91.Dous.2.3º da Lei 37/1992), nos casos en que se realicen servizos de teleasistencia, axuda a domicilio, centro de día e de noite e atención residencial que se presten en prazas concertadas en centros ou residencias, ou por medio de prezos derivados dun concurso administrativo adxudicado ás empresas prestadoras ou como consecuencia dunha prestación económica vinculada a tales servizos que cubra máis do 75 por 100 do seu prezo, o tipo aplicable é o 4 por 100, como así acontece neste caso, ao pretenderse un servizo de axuda a domicilio que constitúe unha prestación asistencial de servizos sociais cuxo prezo se fixa en virtude dunha licitación pública, dun concurso administrativo que se adxudicará a unha empresa prestadora.

A Consulta da Dirección Xeral de Tributos V0938-18, de 10/04/2018, sobre a do IVE ao Servizo de Axuda no Fogar, afirma:

«[.....] 3.- De acordo con lo expuesto, se concluye lo siguiente:

1º) Se aplicará el tipo impositivo del 4 por ciento a las prestaciones de servicios de teleasistencia, ayuda a domicilio, centro de día y noche y atención residencial, cuando dichos servicios se corresponden, objetivamente considerados, con los definidos en los artículos 22, 23, 24 y 25 de la Ley 39/2006.

La aplicación de dicho tipo impositivo a los mencionados servicios se efectuará con independencia de si el usuario de los mismos dispone o no de un Programa Individual de Atención (PIA), cuyo procedimiento de reconocimiento se regula en los artículos 28 y siguientes de la Ley 39/2006.

Asimismo, la aplicación de dicho tipo impositivo a los mencionados servicios no está condicionada a la naturaleza de la fuente de financiación utilizada por parte de los entes contratantes [.....]

2º) Para la aplicación procedente del tipo impositivo del 4 por ciento debe existir un control administrativo sobre los precios que se cobran por los citados servicios, control



que la Ley del impuesto especifica por medio de la exigencia de que los citados servicios se presten [...] mediante precios derivados de un concurso administrativo adjudicado a las empresas prestadoras.»

O orzamento base de licitación por cada anualidade é o seguinte:

PREZO ANUAL	874.896,96
IVE (4%)	34.995,88
ORZAMENTO BASE ANUAL (CON IVE)	909.892,84

Aos efectos de calcular o valor estimado para todo contrato, tense en conta a duración inicial prevista (2 anos), as prórrogas máximas ordinarias (2 anos), e as opcións eventuais previstas consistentes na modificación do 20 % de horas máximas previstas no PCAP ao longo de toda a duración máxima do contrato:

ORZAMENTO ANUAL SEN IVE	874.896,96
ORZAMENTO DURACIÓN INICIAL (2 ANOS) SEN IVE	1.749.793,92
PRÓRROGAS (2 ANOS MÁXIMO) SEN IVE	1.749.793,92
MODIFICACIÓNS SEN IVE (20 %)	699.917,57
VALOR ESTIMADO CONTRATO	4.199.505,41



# ANEXO. Informe Económico-Financeiro núm. 2020-0009 de data 20.01.2020 (Intervención Municipal de Chantada)

María Cristina González Santín ( para 1 )  
 Intervención  
 Data de Sinautura: 20/01/2020  
 HASH: 06b449e9f18a7e07247c54eaa12941c

CONCEPTO DE GASTO				CÓDIGO DE GASTO				CÓDIGO DE GASTO				CÓDIGO DE GASTO				CÓDIGO DE GASTO			
UNIDAD	DESCRIPCIÓN	IMPORTE	IMPORTE	UNIDAD	DESCRIPCIÓN	IMPORTE	IMPORTE	UNIDAD	DESCRIPCIÓN	IMPORTE	IMPORTE	UNIDAD	DESCRIPCIÓN	IMPORTE	IMPORTE	UNIDAD	DESCRIPCIÓN	IMPORTE	IMPORTE
1	1.1.1.1.1.1.1.1	1.1.1.1.1.1.1.1	1.1.1.1.1.1.1.1	1	1.1.1.1.1.1.1.1	1.1.1.1.1.1.1.1	1.1.1.1.1.1.1.1	1	1.1.1.1.1.1.1.1	1.1.1.1.1.1.1.1	1.1.1.1.1.1.1.1	1	1.1.1.1.1.1.1.1	1.1.1.1.1.1.1.1	1.1.1.1.1.1.1.1	1	1.1.1.1.1.1.1.1	1.1.1.1.1.1.1.1	1.1.1.1.1.1.1.1

**FISCALIZACION DE INTERVE**  
 Número: 2020-0009 Data: 20/01/2020



Cod. Validación: F44SGQXF97A694RWZJ3DFM...  
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.es-pública | Páxina 1 a 1